

PROXECTO LINGÜÍSTICO
2020 - 2024

C.P.I. PECALAMA

Pontepedra s/n. 15683

Tordoia (A Coruña)

Tlf: 881 96 00 01

Fax: 881 96 00 09



cpi.pecalama@edu.xunta.es
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpipecalama/>

Cada centro educativo, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro cursos escolares.

No pasado mes de setembro tería que ser presentado o novo proxecto, mais por mor da pandemia do COVID-19 e o confinamento e traballo non presencial durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020, non foi posible a realización da enquisa sociolingüística tal e como estaba previsto. É por isto que se demora a súa presentación ata xaneiro de 2021.

O *Proxecto Lingüístico* que se vai presentar de seguido foi elaborado sendo coordinadora do *Equipo de Dinamización da Lingua Galega*, Dna. *Eva Otero Rey*.

Unha vez o proxecto teña a aprobación do Claustro e do Consello Escolar terá validez durante os catro cursos seguintes, ata *setembro de 2024*.

1. Introducción	4
2. Marco legal	5
3. O contexto sociolingüístico	5
3.1. A localización do centro	5
3.2. A situación sociolingüística	7
4. Obxectivos	11
5. Actividades	12
6. As linguas nas distintas áreas	14
6.1. Educación Infantil	14
6.2. Educación Primaria	15
6.3. Educación Secundaria Obrigatoria	16
7. Medidas de apoio e reforzo para o alumnado con insuficiente dominio das linguas	18
8. As linguas no centro educativo	18
9. Avaliación	19
10. Anexos	19

1. INTRODUCCIÓN

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. Porén, sendo considerada a lingua parte do patrimonio cultural, será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais na amplitude do territorio galego e que toda a comunidade ten o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo tamén establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Outra data sinalada, ademais do 1981 co Estatuto de Autonomía, foi o 1983. Con el chegou a *Lei 3/1983, do 15 de xullo, de normalización lingüística*, que garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social.

O artigo 14 da citada lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. O ensino cambia de chanzo e sen dúbida convértese nun sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e para establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios; reforzando a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitándolle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.

“Ningún idioma alleo -por ilustre que sexa- poderá expresar en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego; se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e gracia do idioma”.

Castelao

2. MARCO LEGAL

O Proxecto Lingüístico do centro (PLC) baséase na normativa vixente, atendendo coma principais referencias legais ás que se citan de seguido:


- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galego.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

3.1. A LOCALIZACIÓN DO CENTRO


O C.P.I. Pecalama está situado no municipio de Tordoia, na parroquia de San Xulián de Cabaleiros. O concello de Tordoia está situado ao noroeste de Galicia, no centro da provincia da Coruña. Atópase na vertente dereita do río Tambre, dentro da comarca coñecida como "Terra de Ordes"; e ocupando o centro dun triángulo imaxinario que tería os seus vértices en Carballo, Ordes e Santiago de Compostela.

O concello de Tordoia ten unha superficie de 123,7 km², repartidos en dez parroquias das que procede, maioritariamente, o alumnado do centro: San Mamede de Andoio, Santa Mariña de Anxeriz, Santa María de Bardaos, San Xulián de Cabaleiros (onde se sitúa a capital, Pontepedra), Santa



María de Castenda, Santalla de Gorgullos, San Cristovo de Leobalde, Santiago de Numide, San Xoán de Tordoia e San Ciprián de Viladabade. Aínda que nun porcentaxe moi pequeno, o centro educativo escolarizou nestes últimos anos alumnado procedente dos municipios de Ordes e Cerceda.

Segundo o Padrón Municipal a poboación que habita en Tordoia vese minguada cada ano. Esta tendencia vense dando dende moito tempo atrás e actualmente conta con 3.259 habitantes (datos 2020).



O concello de Tordoia posúe una xeografía amesetada, cunha latitude que oscila entre os 400 e os 500 metros sobre o nivel do mar, e conta cos seguintes puntos destacados: Monte Castelo (539m), Forca (536m), Pelados (497m), Cerro do Seixa (493m) e Areosa (462m). Os ríos que atravesan o concello son o Lengüelle e o Pontepedra como principais, e os regatos Arballal, Rial e Follada. Nace tamén en Tordoia o río Dubra, no chamado arroio de Rial. O clima é oceánico e hiperhúmido, con precipitacións abundantes e temperaturas suaves.


A zona onde se atopa o colexio é unha zona cunha economía baseada principalmente na agricultura e gandería.

A nivel cultural o concello oferta un catálogo de actividades culturais e deportivas para as diferentes idades da súa poboación, ás que asisten os nenos/as do centro. A programación destas actividades culturais vertébrase na celebración das tradicións gastronómicas e tradicións culturais galegas.

3.2. A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA


Para determinar a situación lingüística do centro, considerouse recoller información do contexto a través dunhas enquisas que foron realizadas partindo das Guías Prácticas para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Estas enquisas deberían terse realizado no último trimestre do curso pasado (2019/2020) e que, como ben se anticipou xa ao comezo deste documento, sufriron un retraso dun trimestre (realizándose no primeiro do presente curso 2020/2021) por motivo da situación provocada pola pandemia do COVID-19.

Como resultado destas enquisas e da propia observación directa no centro educativo, comezamos concluíndo que a gran maioría do noso alumnado ten como primeira lingua o galego (case un 90%).





Ademais disto, a maioría do alumnado enquisado de xeito individual (de 3º de E.P. ata 4º de E.S.O.), así coma o claustro do profesorado e as familias; seguen manifestando que o empregan habitualmente en numerosos contextos. Nas seguintes gráficas pódense consultar os resultados obtidos en canto aos usos habituais (fogar, familia, traballo, compañeiros/as, amigos/as...).

O uso do galego do alumnado (en %)




O uso do galego do profesorado (en %)







Así mesmo, preguntóuselle tamén tanto ao profesorado como ás familias, que percepción tiñan de si mesmos en canto á capacitación para empregar o galego en todas as situacións que se lles poidan presentar. Practicamente o 50% expresou ter unha capacitación "Moi alta" (28% do profesorado e 21% das familias), e case un 75% unha capacitación "Alta" (35% do profesorado e 38% das familias) sobre a lingua galega.



No relativo ao dominio das linguas por parte do profesorado, case o 50% indica ter coñecemento básico, medio ou avanzado sobre algunha lingua estranxeira. Tal e como se amosa na gráfica da dereita, a lingua maioritaria destas características sería o inglés – L3 (tendo en conta que L1 e L2 son o galego ou o castelán). Ocupando os seguintes postos atoparíanse o francés e o portugués case coa mesma incidencia.



Afondando un pouco máis na competencia lingüística do alumnado (neste caso de E.S.O.) e tendo en conta as catro destrezas nas que se basean as aprendizaxes en linguas (comprensión lectora – ler; comprensión oral – escoitar; expresión escrita – escribir; expresión oral – falar) poñen de manifesto que a dificultade maioritaria coa que se atopan na lingua galega é coa de ler (case o 43%), seguida coa de escribir axeitadamente (case o 32%).




En canto á valoración dos enunciados sobre a lingua galega, destacamos algúns datos en particular:

- Un 35% do alumnado, profesorado e familias está totalmente de acordo con que o galego é unha lingua axeitada para empregar nos videoxogos, en internet, na televisión, na radio...

- Un 50% do alumnado, profesorado e familias está totalmente de acordo con que as matemáticas se poden aprender perfectamente en lingua galega.
- Un 25% do alumnado e das súas familias está totalmente de acordo con ter máis clases impartidas en lingua galega.
- Un 54% do alumnado, profesorado e familias está totalmente de acordo con que en Galicia se debería usar máis a lingua galega.
- Un 68% do alumnado, profesorado e familias está totalmente en desacordo con que o idioma do futuro en Galicia debera ser o castelán.

Xa para rematar, e falando de futuro novamente, o alumnado enquisado do C.P.I. Pecalama pensa, maioritariamente, que de maior falará galego (un 56%) ou que falará galego e castelán por igual (un 36%). Mirando un chisco máis alá, un 66% pensa que os galegos e galegas do futuro deberían falar o galego.



4. OBXECTIVOS

Atendendo aos principios que aparecen recollidos no Artigo 4 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (en diante Decreto 79/2010), pódese dicir que o fin do proxecto que se está a presentar é garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade, promocionando a dinamización da lingua galega no centro educativo. Así mesmo, ademais de garantir o máximo equilibrio entre as linguas cooficiais, tenta garantir a adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras.

Concretando un pouco estes fins para o noso centro educativo podemos establecer as seguintes metas:

- Promover a escrita en galego nas comunicacións no centro educativo, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais do territorio en todos os membros da comunidade educativa.
- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se desenvolvan no centro.
- Dotar ao centro de materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca escolar e ás distintas aulas de materiais audiovisuais e informáticos e promover o seu uso.
- Promover a lectura, a fala, a comprensión e a escrita na lingua galega.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías da información empregando o galego.
- Facilitar a asistencia ao centro educativo de ilustradores/as, escritores/as, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional ou persoeiros relevantes que promovan a lingua e cultura galegas.
- Manter informada á comunidade educativa dos acontecementos vinculados coa cultura galega da zona: festas ou celebracións, concursos, exposicións, actividades ou eventos culturais...; así como promocionar as restantes festas tradicionais galegas.
- Valorar a historia e cultura propias de Galicia deseñando programas de coñecemento das mesmas, comezando polo coñecemento da contorna inmediata: o medio natural, a historia, a arte, a xeografía...
- Valorar positivamente o uso do galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.

5. ACTIVIDADES

Para traballar cara a consecución dos obxectivos presentados con anterioridade, recóllense aquí algunhas accións e actividades que se poderían levar a cabo nos próximos cursos (algunhas delas realizaranse sempre que a situación provocada pola pandemia do COVID-19 o permita):

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs, aula virtual, abalar...

- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística así como das accións do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).
- Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc. por parte do EDLG, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial.
- Divulgar entre o profesorado e toda a comunidade educativa o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* e o resto da lexislación en materia lingüística.
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos... e de gramáticas e léxico galego.
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos en coordinación co EDLG.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego.
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos, os seus pais ou os avós.
- Visitas de persoas maiores ao centro para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais.
- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes.
- Promover pequenos roteiros de sendeirismo por lugares próximos ao centro: ao Dolmen de Cabaleiros, a Pedra Longa...
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
- Continuar impulsando a celebración do Día das Letras Galegas.
- Participación en concursos literarios organizados por distintas entidades que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.
- Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes, vocabulario, fraseoloxía...
- Recuperación de xogos populares.

- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.

6. AS LINGUAS NAS DISTINTAS ÁREAS

Co fin de garantir a adquisición da competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia nas súas catro destrezas (escoitar, ler, falar e escribir), establécese a seguinte presenza dos idiomas nas distintas etapas educativas que se imparten no centro:

6.1. EDUCACIÓN INFANTIL

Segundo se dispón no Artigo 5 do Decreto 79/2010, na etapa de Educación Infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado e procurará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites dos distintos niveis.

A lingua materna predominante do alumnado, tal e como recolle o punto 2 do Artigo 5 do citado Decreto, será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do neno/a. Ademais disto, será fundamental a progresiva observación directa do profesorado na aula e tamén se extraerán datos da enquisa sociolingüística que se lles facilitará ás familias do centro cada catro anos. O resultado amosa que a lingua materna maioritaria, e polo tanto a que se empregará nesta etapa, é o galego.

Lingua materna en Educación Infantil				
Galego	Castelán	As dúas por igual	Máis galego	Máis castelán
89%	2%	7%	2%	-

En consecuencia con estes datos, a segunda lingua (o castelán) será introducida progresivamente con actividades como as que se presentan a continuación:

- Ditos e refráns: típicos xogos verbais de toda a vida como "Este fue a por leña...", "Aserrín, aserrán...", "Uno de enero, dos de febrero...", etc; nos que se combinan rimas e mesmo xestos. Resultan ser bos para fomentar a comunicación e a interacción dos nenos/as.

- Contos: ben das distintas bibliotecas de aula ou da biblioteca escolar, adaptados ao seu nivel e intereses. Para traballar os contos poden facerse numerosas propostas: miralos e traballar sobre as ilustracións, lelos e traballar sobre as letras e as palabras, escoitalos e traballar a comprensión, comentalos e extraer información...
- Cancións: adaptadas ao seu nivel e intereses. Comezarán con palabras soltas ou cos retrosos para logo, progresivamente, aprender letras enteiras. Ademais de ampliar vocabulario, contribúese ao desenvolvemento da motricidade cos xestos das mesmas. Algúns exemplos poden ser: "El patio de mi casa", "Un elefante se balanceaba...", "Quisiera ser tan alta como la luna...", "Cucú, cantaba la rana...", "Que llueva, que llueva...", "Estaba el señor Don Gato...", "Hola Don Pepito, Hola Don José...", "Había una vez un barquito chiquitito...", etc.
- Imaxes: ver e comentar debuxos, fotos ou imaxes de obxectos cotiáns ou accións para ampliar o vocabulario en lingua castelá, aproveitando os centros de interese sobre os que se van traballando na aula.
- Xogos interactivos: esta opción permite innumerables propostas para traballar a lingua castelá a través do E.D.I. (Encerado Dixital Interactivo) de cada aula: palabras, obxectos, expresións, refráns, vídeos, cancións...

6.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo se dispón no Artigo 6 do Decreto 79/2010, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. Nos puntos 2 e 3 do citado artigo refléxase que se "impartirá en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas", mentres que as de linguas se impartirán no idioma de referencia.

Tal e como se recolle no punto 4, cada centro educativo decidirá a lingua na que se impartirán o resto de materias de cada nivel, garantindo que as materias en galego e en castelán acaden a mesma porcentaxe de horas semanais.

Na seguinte táboa recóllese a lingua de docencia de cada materia nos distintos niveis da Educación Primaria:

ÁREAS	CURSOS											
	1º		2º		3º		4º		5º		6º	
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3
Matemáticas	5	5	4	4	4	4	5	5	5	5	5	5
Ciencias sociais	3	2	3	2	2	2	2	2	2	2	3	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Educación artística	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Relixión / Valores sociais e cívicos	1	2	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Libre configuración	-	-	-	1	-	-	1	-	-	-	1	1
TOTAIS	12	11	12	11	12	10	11	11	11	11	11	11



Lingua Galega



Lingua Castelá

6.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Segundo se dispón no Artigo 7 do Decreto 79/2010, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. Nos puntos 2 e 3 do citado artigo refléxase que se "impartirá en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química", mentres que as de linguas se impartirán no idioma de referencia.

Tal e como se recolle no punto 4, cada centro educativo decidirá a lingua na que se impartirán o resto de materias de cada nivel, garantindo que as materias en galego e en castelán acaden a mesma porcentaxe de horas semanais.

Tomando como referencia o horario dos grupos de alumnado do presente curso escolar 2020/2021, na seguinte táboa recóllese a lingua de docencia das materias de cada nivel da Educación Secundaria Obrigatoria. Cabe dicir que estas táboas poderán sufrir modificacións en cada curso lectivo futuro sendo, no caso de habelas, recollidas nas vindeiras addendas a este proxecto.

ÁREAS	CURSOS							
	1º		2º		3º		4º	
Bioloxía e xeoloxía	4				2		3	
Ciencias aplicadas á actividade profesional							3	
Educación física	2	2	2	2	2	2	2	2
Educación plástica, visual e audiovisual	2				2		3	
Física e química		3	2	2	2	2	3	3
Iniciación á actividade emprendedora*							3	
Lingua castelá e literatura	4	3	3	3	3	3	3	3
Lingua estranxeira – Inglés	-	-	-	-	-	-	-	-
Lingua galega e literatura	4	3	3	3	3	3	3	3
Matemáticas	5	5						
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas					4	4	4	4
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas					4	4		
Música		2	2	2	2	2		
Obradoiro Musical	1							
Programación		1						
Reforzo exentos 2ª lingua estranxeira	-	-	-	-	-	-	-	-
Relixión católica	1	1	1	1	1	1	1	1
Tecnoloxía		3	2	2	2	2		
Tecnoloxía da información e comunicación							3	
Xeografía e historia	3	3	3	3	3	3	3	3
2ª Lingua estranxeira – Francés	-	-	-	-	-	-	-	-
TOTAIS	14	12	12	14	14	12	17	11



Lingua Galega



Lingua Castelá

7. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

No caso de contar con alumnado que presente un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas, procederase a desenvolver as medidas de carácter organizativo e curricular que sexan precisas.

Primeiramente o titor/a, partindo da avaliación inicial ou continua, detectará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades supere estas medidas, o titor/a recorrerá ao Departamento de Orientación do centro educativo.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades do alumnado, organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, priorizando os apoios por parte do profesorado con horario dispoñible, preferiblemente do ámbito lingüístico, e, tras a valoración do Departamento de Orientación, decidirse a participación dos mestres/as especialistas en Audición e Linguaxe (A.L.) e Pedagogía Terapéutica (P.T.).

Por outra banda, se houbese alumnado inmigrante terase en conta a *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro*. Cabe destacar que, dado que a grande maioría do alumnado do noso centro é galego falante, o alumnado que descoñeza esta lingua estará inmerso nun contexto que favorecerá a súa rápida adquisición.

8. AS LINGUAS NO CENTRO EDUCATIVO

Segundo o Decreto 79/2010, tanto na Administración educativa de Galicia coma nos centros de ensino sostidos con fondos públicos, utilizarase con carácter xeral a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito nas relacións mutuas e internas así como tamén nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

Nas actuacións administrativas dos centros docentes citados, como actas, comunicados, anuncios..., empregarse a lingua galega; agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará a lingua castelá.

Ademais, tal e como recolle o punto 2 do Artigo 3 do Decreto 79/2010, "as programacións didácticas e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva".

9. AVALIACIÓN

Para avaliar o presente proxecto educativo realizarase unha valoración e revisión na Comisión de Coordinación Pedagóxica así como tamén no Claustro de profesores. Logo desta revisión, e tal e como recolle o Decreto 79/2010 no seu Artigo 14, "será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo". Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa.

Ademais, anualmente elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do novo alumnado de Educación Infantil para obter información respecto da lingua materna predominante, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- As modificacións que haxa na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
- Información e valoración dos programas de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

10. ANEXOS

Ó final deste documento pódense consultar os seguintes anexos:

- Cuestionario para o alumnado de primaria
- Cuestionario para o alumnado de secundaria
- Cuestionario para o profesorado
- Cuestionario para as familias

Dna. ILDA LORTES GÓMEZ, coma secretaria do CPI PECALAMA,


CERTIFICA

Que este Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) recibiu a conformidade do Claustro e o Consello Escolar o 28 de xaneiro de 2021.

Tordoia, a 29 de xaneiro de 2021

Visto e Prace da Directora

A Secretaria



Asdo. Gloria Casas Ponte



Asdo: Ilda Lortes Gómez